



## **INFORME ANUAL DE SEGUIMIENTO**

# **MASTER UNIVERSITARIO EN COMPUTACIÓN DE ALTAS PRESTACIONES (Interuniversitario)**

**Curso Académico: 2013/14**

## 1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO

DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO	
Denominación do título	Máster Universitario en Computación de Altas Prestacións (Interuniversitario)
Códigos identificativos (aplicación Verifica e MEC)	4312423
Rama de coñecemento	Enxeñería e Arquitectura
Universidade solicitante	Universidade de Santiago de Compostela (USC)
Centro responsable das ensinanzas conducentes ao título ou, no seu caso, departamento ou instituto	Escola Técnica Superior de Enxeñería (USC), Facultade de Informática (UDC)
Centro onde se imparte o título	Escola Técnica Superior de Enxeñería (USC), Facultade de Informática (UDC)
No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s	Coordinadora: Universidade de Santiago de Compostela (USC) Participantes: Universidade da Coruña (UDC)
Responsable do título	Antonio Mosquera (pola USC) e Luis M. Hervella (pola UDC)
Correo electrónico do responsable do título	<a href="mailto:etse.direccion@usc.es">etse.direccion@usc.es</a> , <a href="mailto:decanato.fic@udc.es">decanato.fic@udc.es</a>
Curso de implantación do título	2010/2011
Data última acreditación	
Órgano responsable da elaboración do informe anual de seguimento	Comisión Académica do Máster
Órgano responsable da aprobación do informe anual de seguimento	Comisión de Calidade da USC

<b>2. INFORMACIÓN PÚBLICA QUE A UNIVERSIDADE FACILITA DE CADA UN DOS SEUS TÍTULOS</b>	
<b>Información pública</b>	<b>Páxina web da Universidade/Centro/Título...</b>
Denominación do título	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/informacion.php">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/informacion.php</a> <a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Descripcion.pdf">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Descripcion.pdf</a>
Número de créditos e duración do título	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/informacion.php">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/informacion.php</a> <a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Planificacion.pdf">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Planificacion.pdf</a>
Centro responsable do título ou, no seu caso, departamento ou instituto	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/informacion.php">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/informacion.php</a> <a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Descripcion.pdf">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Descripcion.pdf</a>
Coordinador/a e/ou responsable do título	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/contacto.php">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/contacto.php</a>
Centro/s onde se imparte o título	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/informacion.php">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/informacion.php</a>
No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/informacion.php">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/informacion.php</a> <a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Descripcion.pdf">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Descripcion.pdf</a>
Tipo de ensinanza	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/informacion.php">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/informacion.php</a> <a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Descripcion.pdf">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Descripcion.pdf</a>
Número de prazas de novo ingreso ofertadas	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/informacion.php">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/informacion.php</a> <a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Descripcion.pdf">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Descripcion.pdf</a>
Idiomas en que se imparte o título	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/informacion.php">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/informacion.php</a>
Saídas profesionais/Profesións reguladas para as que capacita/Prefil de egreso	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/salidas.php">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/salidas.php</a>
Normativa de permanencia	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/informacion.php">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/informacion.php</a> <a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Planificacion.pdf">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Planificacion.pdf</a>
Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Admision.pdf">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Admision.pdf</a>
Memoria vixente do título	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria.php">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria.php</a>
Obxectivos do título	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Objetivos.pdf">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Objetivos.pdf</a>
Competencias xerais	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Objetivos.pdf">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Objetivos.pdf</a>
Competencias específicas	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Objetivos.pdf">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Objetivos.pdf</a>
Criterios de acceso e admisión	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/admision.php">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/admision.php</a> <a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Admision.pdf">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Admision.pdf</a>
Procedemento de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Admision.pdf">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Admision.pdf</a>
Plan de acción tutorial	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/orientacion.php">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/orientacion.php</a>
Perfil de ingreso recomendado	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/admision.php">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/admision.php</a> <a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Admision.pdf">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Admision.pdf</a>
Condicións ou probas de acceso especiais, se existen	Non existen
Programas de mobilidade	<a href="http://www.usc.es/etse/oficinamobilidad">http://www.usc.es/etse/oficinamobilidad</a> <a href="http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/mobilidad/index.html">http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/mobilidad/index.html</a> <a href="http://www.udc.es/ori">http://www.udc.es/ori</a>
Curso ponte ou de adaptación (deseño curricular, criterios e condicións de acceso), se existe <sup>1</sup>	Non existe
Complementos formativos necesarios, en función da formación previa acreditada polo estudante, se fose o caso	Non existen

Estrutura do programa formativo: denominación do módulo ou materia, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/programa.php">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/programa.php</a> <a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Planificacion.pdf">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Planificacion.pdf</a>
Horarios	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/horarios.php">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/horarios.php</a>
Guías docentes/Programación docente <sup>2</sup>	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/programa.php">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/programa.php</a> <a href="http://www.usc.es/opencms/gl/centros/etse/titulacions.html?plan=14222&amp;estudio=14223&amp;codEstudio=13773&amp;valor=9&amp;orde=true&amp;ano=64">http://www.usc.es/opencms/gl/centros/etse/titulacions.html?plan=14222&amp;estudio=14223&amp;codEstudio=13773&amp;valor=9&amp;orde=true&amp;ano=64</a> <a href="http://www.udc.gal/ensino/detalleEstudio?codigo=473V01&amp;curso=2013%2F2014">http://www.udc.gal/ensino/detalleEstudio?codigo=473V01&amp;curso=2013%2F2014</a>
Traballo fin de grao/máster (comisión, convocatorias, etc.)	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/PFM.php">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/PFM.php</a>
Información sobre as prácticas externas, se as houbera (entidades colaboradoras,...)	Non hai prácticas externas
Descrición do profesorado (categoría, datos de contacto...)	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/profesorado.php">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/profesorado.php</a> <a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Personal.pdf">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Personal.pdf</a>
Descrición doutros recursos humanos necesarios e dispoñibles para o desenvolvemento do plan de estudos	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Personal.pdf">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Personal.pdf</a>
Aulas e seminarios	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Materiales.pdf">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Materiales.pdf</a> <a href="http://www.usc.es/etse/gl/infraestructuras">http://www.usc.es/etse/gl/infraestructuras</a> <a href="http://www.fic.udc.es/">http://www.fic.udc.es/</a>
Laboratorios	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Materiales.pdf">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Materiales.pdf</a> <a href="http://www.usc.es/etse/gl/infraestructuras">http://www.usc.es/etse/gl/infraestructuras</a> <a href="http://www.fic.udc.es/">http://www.fic.udc.es/</a>
Salas de informática	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Materiales.pdf">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Materiales.pdf</a> <a href="http://www.usc.es/etse/gl/category/3/13/15/67">http://www.usc.es/etse/gl/category/3/13/15/67</a> <a href="http://www.fic.udc.es/">http://www.fic.udc.es/</a>
Salas de estudo	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Materiales.pdf">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Materiales.pdf</a> <a href="http://www.usc.es/etse/gl/infraestructuras">http://www.usc.es/etse/gl/infraestructuras</a> <a href="http://www.fic.udc.es/">http://www.fic.udc.es/</a>
Biblioteca	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Materiales.pdf">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Materiales.pdf</a> <a href="http://www.usc.es/etse/betse">http://www.usc.es/etse/betse</a> <a href="http://www.fic.udc.es/HarvestExternalData.do?operation=faculty.library">http://www.fic.udc.es/HarvestExternalData.do?operation=faculty.library</a>
Outros servizos dispoñibles	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Materiales.pdf">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/Materiales.pdf</a> <a href="http://www.usc.es/etse/etse">http://www.usc.es/etse/etse</a> <a href="http://www.fic.udc.es/">http://www.fic.udc.es/</a>
Espazos para os representantes de estudantes	<a href="http://www.usc.es/etse/gl/infraestructuras">http://www.usc.es/etse/gl/infraestructuras</a> <a href="http://www.fic.udc.es/">http://www.fic.udc.es/</a>
Taxa de graduación	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/seguimiento.php">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/seguimiento.php</a>
Taxa de abandono	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/seguimiento.php">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/seguimiento.php</a>
Taxa de eficiencia	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/seguimiento.php">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/seguimiento.php</a>
Taxa de rendemento	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/seguimiento.php">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/seguimiento.php</a>
Taxa de éxito	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/seguimiento.php">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/seguimiento.php</a>
Taxas de inserción laboral	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/seguimiento.php">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/seguimiento.php</a>
Outras taxas/resultados complementarias que o título fai	

públicas (Informe institucional resultados Docencia)	
Órgano responsable do sistema de garantía de calidade do título	<a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/sgic.php">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/sgic.php</a> <a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/SGICTitulo.pdf">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria/SGICTitulo.pdf</a> <a href="http://www.usc.es/etse/comisioncalidade">http://www.usc.es/etse/comisioncalidade</a> <a href="http://sgic.udc.es/pdf_entry2.php?id=9884&amp;tit=91">http://sgic.udc.es/pdf_entry2.php?id=9884&amp;tit=91</a>
Política e obxectivos de calidade	<a href="http://www.usc.es/etse/calidade">http://www.usc.es/etse/calidade</a> <a href="http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/sgic-usc.html">http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/sgic-usc.html</a> <a href="http://www.udc.gal/utc/ferramentas_calidade/SGIC/informacion_SGIC.html">http://www.udc.gal/utc/ferramentas_calidade/SGIC/informacion_SGIC.html</a>
Manual e procedementos do SGC	<a href="http://www.usc.es/etse/files/u1/ManualsimplificadoSGIC_ETSE_v02.pdf">http://www.usc.es/etse/files/u1/ManualsimplificadoSGIC_ETSE_v02.pdf</a> <a href="http://www.usc.es/export/sites/default/gl/goberno/vrcalidade/descargas/grao2012/2_Manual_extenso_do_sistema_marco_de_calidade.pdf">http://www.usc.es/export/sites/default/gl/goberno/vrcalidade/descargas/grao2012/2_Manual_extenso_do_sistema_marco_de_calidade.pdf</a> <a href="http://www.usc.es/export/sites/default/gl/goberno/vrcalidade/descargas/grao2012/4_Manual_de_procesos_e_procedementos.pdf">http://www.usc.es/export/sites/default/gl/goberno/vrcalidade/descargas/grao2012/4_Manual_de_procesos_e_procedementos.pdf</a> <a href="http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ManualSistemaGarantiaCalidad01_firmado.pdf">http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ManualSistemaGarantiaCalidad01_firmado.pdf</a> <a href="http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ProcedimientosSistemaGarantiaCalidad01_firmado.pdf">http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ProcedimientosSistemaGarantiaCalidad01_firmado.pdf</a>

---

<sup>1</sup> **Curso ponte:** centro/s en que se imparte, número de prazas ofertadas, criterios acceso e admisión, probas de acceso se existen, información previa á matriculación, número de créditos do curso, itinerarios formativos, transferencia e recoñecemento de créditos, modalidades de impartición, normativa de permanencia, guías docentes das materias a cursar.

<sup>2</sup> **Tipo de materia, número de créditos, competencias, contidos, metodoloxía, sistema de avaliación, titorías, calendario e horario, responsable docente, idiomas en que se imparte.**

### 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

#### 1. Descrición do título

Valorarase o criterio de "Descrición do título" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007).

#### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio<sup>3</sup>

Satisfactoria	<b>A</b>	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
---------------	----------	------------	---	--------------	---	------------------------	---

#### Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

Existen evidencias documentais relativas á realización ordenada e sistemática de accións relacionadas co criterio:

1. A MVT<sup>1</sup> recolle a descrición do título, denominación, universidades solicitantes, tipo de ensinanza, prazas de novo ingreso, número de créditos, requisitos de matrícula, e resto de información para a expedición do título.
2. Existen actas de todas as reunións da Comisión Técnica do máster (4 no curso 2010/2011, 5 no curso 2011/2012, 5 no curso 2012/2013, e 5 no curso 2013/2014) nas que se realiza a coordinación do título interuniversitario. A composición e as funcións de esta comisión encóntranse publicadas na web do máster. A valoración sobre a coordinación levada a cabo por esta comisión é moi satisfactoria. Esta comisión intenta solventar aqueles problemas derivados da falta de coordinación entre as universidades a outros niveles, por exemplo, a falta dun calendario académico común. Nesta memoria de seguimento presentada, inclúense evidencias sobre a coordinación entre as dúas universidades ao longo de todos os criterios
3. As linguas que se utilizan no proceso formativo son principalmente o castelán, o galego e o inglés. Sendo esta última a dominante no material de traballo utilizado tanto polo alumno como polo profesor, e as dúas primeiras son as usadas predominantemente para a comunicación interactiva. Un 40% dos TFM (5 de 12 no último curso) foron defendidos en inglés.
4. Incorpórase á web do título toda a información necesaria para o criterio de descrición do título, seguindo a recomendación do informe final de seguimento aportado pola ACSUG no curso 2012/2013. En concreto, actualízase a información sobre os responsables do título, e incorpórase nova información como o réxime de estudos, idiomas, e normativa de permanencia nas dúas universidades.
5. O tipo de ensino é presencial, pero os alumnos non teñen porque desprazarse á aula fisicamente, xa que entre as aulas da USC e da UDC se opera a través de videoconferencia, e gracias á colaboración do CESGA no máster, os alumnos que non se poden desprazar a estas aulas, poden seguir as sesións dende os seus PCs, pero asistindo as clases (non se trata de ensino a distancia, nin non-presencial, no senso estrito de estes términos). As clases emítense por streaming en directo, e ademais quedan gravadas nun repositorio, ao que os alumnos teñen acceso, de forma que poden volver a tomar unha clase se o precisan.
6. O título oferta 25 prazas entre as dúas universidades. Non se cobren todas as prazas ofertadas, pero nos últimos anos chegouse a ter unha demanda de 20 solicitudes de alumnos novos cada ano. Ademais, o feito de permitir aos alumnos seguir as clases dende unha localización remota, axudou a acadar este número de solicitudes, xa que no curso 2013/2014, un 40% dos alumnos novos seguiron as clases en remoto, e un 15% deles eran alumnos con domicilio fora da comunidade autónoma de Galicia.
7. Este curso, o centro da UDC realizou unha enquisa entre os titulados do máster nesta universidade, na que se lles preguntaba explicitamente "en xeral, o título satisfizo as miñas expectativas iniciais", obtendo unha media de 6 puntos sobre 7. A enquisa foi contestada por un 56% dos consultados (so titulados pola UDC). Este resultados indica que os titulados atópanse moi satisfeitos co título e o seu desenvolvemento. Como estas enquisas son parciais, en maio de 2014 a coordinación do máster tamén levou a cabo unha enquisa entre todos os egresados nos cursos anteriores. Aínda que o obxectivo da enquisa era estudar a inserción laboral dos egresados, unha das preguntas que se lles facía era: "recomendaría cursar o máster a unha persoa que finalice este curso os seus estudos de grao", e o 92,31% dos consultados contestaron afirmativamente. Esta enquisa foi contestada por un 47% dos consultados. Os resultados da enquisa pódense atopar na web do máster: [http://gac.des.udc.es/~pglez/master/seguimento/resultados\\_encuesta\\_egresados.pdf](http://gac.des.udc.es/~pglez/master/seguimento/resultados_encuesta_egresados.pdf)

#### BOAS PRÁCTICAS<sup>4</sup>

- Incorporouse á páxina web do máster<sup>2</sup> (apartado Información) toda a información relativa á descrición do título.
- Incorporouse a tecnoloxía necesaria para que os alumnos poidan incorporarse á videoconferencia dende os seus PCs, sen necesidade de asistencia ás aulas físicas, o que permite manter a condición de máster presencial, coa flexibilidade que ofrece seguir as clases dende a casa

1 MVT: Memoria de Validación do Título <http://gac.des.udc.es/~pglez/master/memoria.php>

2 Web do máster: <http://gac.des.udc.es/master/>, <http://www.ac.usc.es/master/>

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Intensificar a difusión da titulación entre os grupos de interese para aumentar o número de alumnado demandante.

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**

---

**<sup>3</sup> Niveis de valoración:**

\* **Satisfactorio (A):** existen evidencias documentais que apoian a presunción dunha realización ordenada e sistemática de accións relacionadas co criterio. Ademais desenvólvense dun xeito eficaz, medible e de acordo a unhas responsabilidades perfectamente definidas.

\* **Suficiente (B):** existen evidencias documentais acerca da realización de actividades relacionadas co elemento que permiten supoñer que, polo menos, nos seus aspectos básicos se desenvolven de maneira recorrente e ordenada, aínda que existan aspectos secundarios non contemplados.

\* **Insuficiente (C):** existen evidencias puntuais da existencia de contidos relacionados coa cuestión formulada polo elemento pero non se axustan, na súa totalidade, aos criterios establecidos, non están correctamente definidos ou non se formulan de maneira sistemática.

\* **Ausencia de evidencias documentais (D):** non existen evidencias documentais sobre o cumprimento da cuestión formulada polo elemento ou as que existen son inadecuadas.

<sup>4</sup> **Enténdese por boa práctica:** proxecto, programa, técnica ou medio de xestión, implantado de forma complementaria/suplementaria ao establecido na memoria de verificación, que cumpre as seguintes características: xera un impacto positivo no título, podería ser replicado no restos dos títulos, implica un aproveitamento eficaz das oportunidades, demostra creatividade no seu enfoque dun problema, implica efectividade dos recursos...).

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
2. Xustificación							
<i>Valorarase o criterio de "Xustificación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Política e obxectivos de calidade da formación" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
<b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b>							
Existen evidencias documentais relativas á realización ordenada e sistemática de accións relacionadas co criterio:							
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A MVT recolle a xustificación do título proposto, argumentando o seu interese tanto académico como científico e profesional. Recóllense referentes externos que avalan a adecuación da proposta a criterios nacionais e internacionais para títulos de similares características. E descríbense os procedementos de consulta internos e externos usados na elaboración do plano de estudos. Esta redacción data de novembro de 2009, aprobada en maio de 2010. Os referentes empregados e a xustificación do título continúa a ser válida na actualidade.</li> <li>2. Existen actas de tódalas reunións da Comisión de Elaboración do Título nas que se discute sobre a xustificación do mesmo; así como de cartas de valoración do seu interese por parte das consultas externas realizadas: D. José Duato Marín e D. Emilio Luque Fadón, ambos Catedráticos de Universidade no área de Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores e promotores de dous dos másteres usados como referentes na elaboración deste plan de estudos; e a carta de apoio de D. Francisco Tirado Fernández, tamén Catedrático de Universidade polo área de Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores e ata este ano presidente de SARTECO (Sociedade de Arquitectura de Computadores); e tamén carta de apoio da empresa HP España, coa que se firmou un convenio de colaboración ao comezo da implantación do máster.</li> <li>3. Novas evidencias xustifican o título proposto, como <ol style="list-style-type: none"> <li>a) Novas colaboracións con empresas do sector no marco do máster, que demostra o interese do título. Actualmente hai tres convenios asinados, coas empresas HP, Bull e Fujitsu. A empresa IBM, a través dun convenio asinado co CESGA, tamén colabora co máster. Pero varias empresas máis colaboraron neste curso, aportando conferenciantes, recursos de computación ou asesoramento. Entre esas empresas destacamos: Amazon WS, NVIDIA ou Qualcomm.</li> <li>b) O elevado índice de empregabilidade dos egresados do máster nos catro cursos anteriores nos que este máster leva impartíndose. O seguimento dos egresados realizouno a coordinación do máster en maio de 2013 e maio de 2014. Na última das enquisas, o 85% dos egresados que contestaron a enquisa encontraron traballo no sector en menos de 6 meses dende que remataron os estudos. Os resultados desta enquisa pódense consultar en: <a href="http://gac.des.udc.es/~pglez/master/seguimiento/resultados_encuesta_egresados.pdf">http://gac.des.udc.es/~pglez/master/seguimiento/resultados_encuesta_egresados.pdf</a></li> </ol> </li> <li>4. Seguindo a recomendación do informe de seguimento enviado pola ACSUG a Comisión Técnica do máster analiza a matrícula nos últimos cursos e a súa tendencia. Estes datos figuran no informe que a Coordinación do máster elabora anualmente e publica a través da web do título. Así no curso 2010/11 houbo un total de 15 matriculados entre as dúas universidades (9 na UDC e 6 na USC, todos eles en primeira matrícula, pois era o primeiro ano de implantación do máster), no curso 2011/2012 houbo un total de 21 matriculados (15 de nova matrícula: 5 na UDC e 10 na USC), mentres no curso 2012/2013 houbo un total de 27 matriculados (20 de nova matrícula: 10 na UDC e 10 na USC). No curso 2013/2014 o número de alumnos matriculados no máster foi de 37, dos que 20 son de nova matrícula (11 na UDC e 9 na USC). Como se pode ver, o número de alumnos novos creceu dende a primeira edición do máster, hasta situarse en 20 alumnos novos nos dous últimos cursos. A Comisión Técnica do máster considera que estes datos indican unha alta demanda do título, tendo en conta que este máster ofrece unha especialización nun área moi concreta, con unhas saídas profesionais moi concretas. De todos os xeitos, para o curso 2015/2016 estase a propoñer unha nova proposta do título para incorporar á Universidade de Málaga, e aumentar así a demanda do título.</li> <li>5. Por outra banda, se analizamos o perfil de ingreso dos novos alumnos (datos incluídos nos informes anuais que a coordinación do título elabora e publica na web do título) observase que o perfil apenas varía nos diferentes anos. A maioría dos estudantes novos veñen da titulación de Grao en Enxeñaría Informática ou da antiga Enxeñaría Informática, o que xustifica ademais a elección dos campus e centros onde se imparte esta titulación, xa que son aqueles onde se forman estes titulados no SUG. En menor medida acceden tamén graduados en Física, Química e Matemáticas ou en outras Enxeñarías, en concreto E. Industrial ou E. de Telecomunicacións.</li> <li>6. Aproveitando a elaboración da nova proposta do título para incorporar á Universidade de Málaga, recolléronse de novo opinións sobre o título doutros grupos de investigación, nas Xornadas de Paralelismo, e das empresas colaboradoras do máster, que servirán para mellorar o título na nova proposta que se presenta para verificación.</li> <li>7. Na UDC, un dos apartados das enquisas xerais da titulación que se lle pasaron aos titulados facía</li> </ol>							



referencia á xustificación do título. En concreto preguntábaselles: "O título contribuíu a mellorar o meu nivel sociolaboral" e "O título contribuíu a mellorar a miña formación (profesional, académica ou investigadora). As enquisas puntuaban entre 1 e 7 puntos, e a titulación obtivo un 5,8 e 6 respectivamente. A enquisa tivo unha participación do 56% dos titulados (so da UDC).

8. No tocante aos procedementos documentados para o establecemento, revisión e actualización da política e os obxectivos da calidade, recóllense no SGIC da ETSE (USC) e da FIC (UDC):
- Manual do SGIC da ETSE, capítulo 2 "Política de calidade"  
[http://www.usc.es/etse/files/u1/ManualsimplificadoSGIC\\_ETSE\\_v02.pdf](http://www.usc.es/etse/files/u1/ManualsimplificadoSGIC_ETSE_v02.pdf)
  - Manual do sistema marco de garantía interna de calidade da USC, capítulo 4 "Política e obxectivos de calidade"  
[http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidad/descargas/grao2012/2.\\_Manual\\_extenso\\_do\\_sistema\\_marco\\_de\\_calidade.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidad/descargas/grao2012/2._Manual_extenso_do_sistema_marco_de_calidade.pdf)
  - Manual de procesos e procedementos do SGIC da USC, PE-01 "Determinación da política e os obxectivos de calidade do centro"  
[http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidad/descargas/grao2012/4.\\_Manual\\_de\\_procesos\\_e\\_procedementos.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidad/descargas/grao2012/4._Manual_de_procesos_e_procedementos.pdf)
  - Manual do sistema de garantía interna da calidade da Facultade de Informática (FIC): Índice de procedementos, "PE01. Establecemento, revisión y actualización de la política y los objetivos de la calidad".  
[http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ProcedimientosSistemaGarantiaCalidad01\\_firmado.pdf](http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ProcedimientosSistemaGarantiaCalidad01_firmado.pdf)
  - Manual do sistema de garantía interna de calidade da FIC, "Capítulo 4. Política y objetivos de calidad. "  
[http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ManualSistemaGarantiaCalidad01\\_firmado.pdf](http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ManualSistemaGarantiaCalidad01_firmado.pdf)

#### **BOAS PRÁCTICAS**

- Revisión e análise por parte da Comisión Técnica do Máster de novas evidencias que xustifiquen o título, como o seguimento de novos títulos impartidos en outras universidades, analizando os seus referentes, ou o seguimento da inserción laboral dos egresados
- Colaboración a través de convenios con importantes empresas do sector da computación de altas prestacións como HP, Bull ou Fujitsu.
- Colaboración con outras empresas, sen mediación de convenio, como Amazon WS ou NVIDIA

#### **PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Non se estiman necesarias propostas de mellora neste criterio

#### **BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
3. Competencias							
<i>Valorarase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
<b>Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:</b>							
Existen evidencias documentais relativas á realización ordenada e sistemática de accións relacionadas co criterio:							
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A MVT define uns obxectivos pertinentes coa denominación do título que se concretan en competencias propias da proposta a lograr polos estudantes. Esta redacción data de novembro de 2009, aprobada en maio de 2010. Os obxectivos definidos continúan a ser válidos no curso actual.</li> <li>2. Existen actas de tódalas reunións da Comisión de Elaboración de Títulos onde se discutiron os obxectivos e competencias do mesmo, así como actas de tódalas Xuntas de Centro onde se aprobou a memoria do título, incluíndo as diferentes modificacións tras as fases de alegacións en cada unha das universidades.</li> <li>3. Os obxectivos así como as competencias propias do título e de cada unha das materias, encóntranse facilmente accesibles dende a páxina web do máster, ademais de aparecer nas guías docentes correspondentes.</li> <li>4. Na UDC, un dos apartados das enquisas xerais da titulación que se lle pasaron aos titulados facía referencia aos obxectivos e ás competencias do título. En concreto preguntábaselles: "Consideras que conseguiches os obxectivos que se formularon ao inicio do curso". As enquisas puntuaban entre 1 e 7 puntos, e a titulación obtivo máis dun 5. Noutro apartado preguntábaselles "considero que a formación que recibín no título é adecuada para desempeñar tarefas no ámbito profesional". A puntuación acadada foi de 6 sobre 7. A enquisa tivo unha participación do 56% do alumnado (so alumnos da UDC).</li> <li>5. Tamén na UDC, realizáronse enquisas aos estudantes deste curso, na que se lles consultaba sobre os obxectivos do plan de estudos mediante as preguntas "coñezo os obxectivos xerais do plan de estudos" e "estou satisfeito co obxectivos do plan de estudos". En ambos casos a puntuación media foi de 6,25 sobre 7 puntos. Con todo, a participación do alumnado este ano foi moi baixa, e so un 20% dos alumnos contestaron a enquisa. No tocante a USC, unha das preguntas, relativa ao profesor, é "Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente" e outra "Cumpre co programa e o plan de traballo previsto". Na primeira pregunta, a titulación obtivo unha puntuación de 4,11 sobre 5 puntos e na segunda 2,21 sobre 5, tendo a enquisa unha participación do 30,77% de alumnos da USC.</li> <li>6. Nas enquisas globais elaboradas pola coordinación do máster consultase tamén sobre a adquisición de competencias. En concreto preguntábaselles: "os coñecementos, habilidades e aptitudes propostas nas guías docentes desenvólvense adecuadamente". Os resultados obtidos en este ítem están por encima de 3.5 nunha escala de entre 1 e 5, o que indica unha valoración positiva por parte do alumnado.</li> <li>7. Ademais da enquisa global o máster elabora enquisas específicas por cada materia onde pregunta aos alumnos polos obxectivos e competencias concretos dentro da materia. Os resultados a estas enquisas son públicos para os grupos de interese (alumnos e profesores de esa materia) dentro da plataforma docente virtual usada no máster (Aula Cesga).</li> <li>8. Os profesores tamén son consultados, tanto nas enquisas das dúas universidades, como na enquisa global do máster. Os resultados neste colectivo son incluso mellores incluso que no colectivo de estudantes. Ademais a participación neste sector é máis alta, o que mostra a boa valoración do título por parte do profesorado.</li> <li>9. Nas guías docentes de cada materia aparecen as competencias xunto coas accións formativas e metodoloxías docentes empregadas e os métodos de avaliación correspondentes.</li> <li>10. Os TFM presentados desenvolven problemas que se adecúan ás competencias e obxectivos do título. No curso 2013/2014 defendéronse 12 TFM, onde todos lograron o apto e a metade acadaron a máxima puntuación. O que representa unha evidencia da adquisición das competencias e obxectivos por parte do alumnado. O tribunal de avaliación dos TFM, común para todos os traballos na mesma oportunidade, está composto por tres profesores do máster, que non coincidan co titor do TFM.</li> <li>11. No tocante aos procedementos documentados para a definición, revisión e mellora dos obxectivos do plan de estudos, recóllense no SGIC da USC e da FIC (UDC): <ul style="list-style-type: none"> <li>o Manual do sistema marco de garantía interna de calidade da USC, capítulo 6 "Obxectivos do plan de estudos e garantía de calidade dos programas formativos " <a href="http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidade/descargas/grao2012/2_Manual_extenso_do_sistema_marco_de_calidade.pdf">http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidade/descargas/grao2012/2_Manual_extenso_do_sistema_marco_de_calidade.pdf</a></li> <li>o Manual de procesos e procedementos do SGIC da USC, PC-02 "Revisión da oferta académica" <a href="http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidade/descargas/grao2012/4_Manual_de_procesos_e_procedementos.pdf">http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidade/descargas/grao2012/4_Manual_de_procesos_e_procedementos.pdf</a></li> <li>o Manual do sistema de garantía interna da calidade da Facultade de Informática (FIC): Índice de procedementos, "PC14. Objetivos del plan de estudios." <a href="http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ProcedimientosSistemaGarantiaCalidad01_firmado.pdf">http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ProcedimientosSistemaGarantiaCalidad01_firmado.pdf</a></li> </ul> </li> </ol>							

- Manual do sistema de garantía interna de calidade da FIC, "Capítulo 6. Objetivos del plan de estudios".  
[http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ManualSistemaGarantiaCalidad01\\_firmado.pdf](http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ManualSistemaGarantiaCalidad01_firmado.pdf)

#### **BOAS PRÁCTICAS**

- Anualmente se realiza unha revisión das guías docentes, e se analizan as competencias específicas do título.
- Dado que as enquisas de momento se están a realizar independentemente en cada universidade, o máster leva a cabo as súas propias enquisas, nas que participa todo o profesorado e alumnado. Os resultados de estas enquisas son públicos (para os grupos de interese: profesores e alumnos do máster) a través da plataforma Aula CESGA, e un informe final faise público tamén a través da web do máster.

#### **PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Non se estiman necesarias propostas de mellora neste criterio

#### **BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**

Realizáronse pequenos cambios nas competencias, que responden unicamente á necesidade de mellorar a súa redacción. Esta modificación foi verificada pola ACSUG e entrará a aplicarse no curso 14/15.

### 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

#### 4. Acceso e admisión de estudantes

Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa FIDES-AUDIT.

#### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	<b>A</b>	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
---------------	----------	------------	---	--------------	---	------------------------	---

#### Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

Existen evidencias documentais relativas á realización ordenada e sistemática de accións relacionadas co criterio:

1. A MVT propón mecanismos e procedementos accesibles para regular e informar con claridade ao estudante sobre as diferentes vías de acceso e admisión ao título, dos sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos e dos sistemas de orientación ao inicio dos seus estudos. A MTV está dispoñible dende a páxina web do máster.
2. Existen actas das seguintes comisións onde se trataron diferentes temas relacionados co acceso e admisión de estudantes:
  - Comisión de Selección e Admisión na UDC: admisión na UDC
  - Comisión Académica do máster na USC: admisión na USC
  - Comisión Técnica do máster: actividades de acollida aos estudantes, asignación de titores do PAT no máster
3. Anualmente se realiza un plan de captación de estudantes, aprobado pola Comisión Técnica do máster. En concreto para este ano realizouse un tríptico informativo e carteis que se distribuíron polas tres universidades galegas (en aquelas facultades/escolas con alumnos potencialmente interesados neste máster). Tamén se promocionou o máster nas páxinas web do CESGA e do CPEIG (Colexio Profesional de Enxeñeiros Informáticos de Galicia), e se enviaron correos informativos a empresas do sector e usuarios do CESGA.
4. As listas de admitidos na UDC (na que hai proceso de preinscrición) son publicadas na web do máster e na web do centro
5. Anualmente se realiza un plan de orientación aos estudantes, aprobado pola Comisión Técnica do máster. En concreto:
  - a) Cada ano celébrase unha xornada de acollida aos estudantes ao principio do curso, antes de que se cerre o proceso de matrícula nas universidades, polo que o seu anuncio faise público na web do máster e aberto á presenza de todo aquel que desexe informarse sobre o máster.
  - b) Tamén anualmente, dentro de este plan, celébrase unha xornada de orientación profesional, no mes de maio, na que participan empresas do sector, como HP, Fujitsu, IBM ou BULL.
  - c) O plan de orientación tamén inclúe as titorías cos titores PAT que se asignan aos alumnos. O listado con asignación de estudantes a titores PAT é accesible para os estudantes matriculados a través da ferramenta virtual Aula Cesga, na que todos teñen acceso, e na páxina web do máster.
  - d) A páxina web do título mantense actualizada durante todo o curso informando aos alumnos sobre eventos que se producen no ámbito do máster, así como saídas profesionais ou calquera outra información académica de actualidade
  - e) O máster conta cunha conta na rede social Twitter na que se publicitan novas relacionadas co máster
  - f) As guías docentes, que anualmente se revisan e actualizan, tamén orientan aos alumnos sobre contidos, competencias, etc. de cada materia.
6. As actividades de orientación durante o curso anúncianse a través da ferramenta Aula Cesga, dado que todos os alumnos teñen acceso a ela e é a ferramenta máis usada no desenvolvemento da docencia do máster.
7. Un dos apartados das enquisas xerais da titulación que se lle pasaron aos alumnos na UDC facía referencia aos procesos de admisión e á orientación aos estudantes. As enquisas puntuaban entre 1 e 7 puntos, e a puntuación menor acadada nas preguntas relacionadas con este criterio foi de 6.00. A enquisa tivo unha participación do 20% do alumnado. Aínda que a participación foi baixa este ano, estes resultados son similares aos acadados en anos anteriores onde a participación foi significativamente máis alta, polo que indican a boa valoración que os alumnos teñen deste criterio.
8. A coordinación do máster elabora anualmente enquisas propias: unha por cada materia do máster, e unha global sobre a planificación das ensinanzas. Na enquisa por cada materia consultase aos alumnos acerca de aspectos específicos da materia, como contidos, planificación e dependencias con outras materias. Na enquisa global os alumnos son consultados sobre a planificación xeral do máster. Os resultados das enquisas en cada materia son públicos para os grupos de interese(alumnos e profesores da materia) dentro de Aula Cesga. Os resultados das enquisas globais son públicos a través

de Aula Cesga e tamén da web do título. Para o curso académico 2012/2013 pódese ver no informe que a pregunta 3 consultaba sobre a satisfacción co proceso de admisión e a pregunta 4 sobre as actuacións que orientan aos estudantes, acadando ambas máis dun 3.5 sobre 5 puntos. Estes resultados indican de novo a boa valoración que os alumnos teñen deste criterio. Sen embargo, hai que ter en conta que a participación do alumnado en estas enquisas é baixa, menos do 40% dos estudantes no curso pasado.

9. No tocante aos procedementos documentados para a selección, admisión e matriculación de estudantes, recóllense no SGIC da USC e da FIC (UDC):
- Manual do sistema marco de garantía interna de calidade da USC, capítulo 5 "Política e procedementos de admisión"  
[http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidade/descargas/grao2012/2\\_Manual\\_extenso\\_do\\_sistema\\_marco\\_de\\_calidade.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidade/descargas/grao2012/2_Manual_extenso_do_sistema_marco_de_calidade.pdf)
  - Manual de procesos e procedementos do SGIC da USC, PC-05 "Captación de estudantes na USC"  
[http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidade/descargas/grao2012/4\\_Manual\\_de\\_procesos\\_e\\_procedementos.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidade/descargas/grao2012/4_Manual_de_procesos_e_procedementos.pdf)
  - Manual do sistema de garantía interna da calidade da Facultade de Informática (FIC): Índice de procedementos, "PC04. Selección, admisión y matriculación de estudantes".  
[http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ProcedimientosSistemaGarantiaCalidad01\\_firmado.pdf](http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ProcedimientosSistemaGarantiaCalidad01_firmado.pdf)
  - Manual do sistema de garantía interna de calidade da FIC, "Capítulo 9. Políticas y procedimientos de admisión "  
[http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ManualSistemaGarantiaCalidad01\\_firmado.pdf](http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ManualSistemaGarantiaCalidad01_firmado.pdf)

#### **BOAS PRÁCTICAS:**

- Os mecanismos e procedementos administrativos para a admisión de estudantes en ambas universidades están facilmente localizables na web do máster.
- Ademais dos procedementos de admisión, a páxina web mantén información completa sobre o programa, o profesorado, a metodoloxía docente, o calendario, os procesos de suxestións e reclamacións, os eventos relacionados ou a información sobre emprego e bolsas.
- A primeira xornada do calendario celébrase unha xornada de acollida aos alumnos, na que se lles explican aspectos importantes sobre o desenvolvemento do máster.
- Fanse coincidir as figuras de titor académico do plan de acción tutorial (PAT) coa figura de director/titor do traballo fin de máster. O titor PAT nunha titulación de posgrao cunha carga lectiva de 60 ECTS (un curso académico), no soe ter unha especial acollida por parte dos alumnos, que non son, na maioría dos casos, novos no centro ou na universidade e que non son conscientes do que este titor lles pode aportar. O contacto dos alumnos co titor do traballo fin de máster si é máis constante, e polo tanto resulta eficaz facer coincidir no mesmo profesor estas dúas figuras.
- Ademais da páxina web como canal de difusión, o máster usa a rede social Twitter co fin de achegar as novas máis rapidamente aos alumnos, pero tamén ao resto dos posibles interesados.

#### **PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Non se estiman necesarias propostas de mellora neste criterio

#### **BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**

### 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

#### 5. Planificación das ensinanzas

Valorarase o criterio de "Planificación das ensinanzas" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Planificación da enseñanza" do Programa FIDES-AUDIT.

#### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	<b>A</b>	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
---------------	----------	------------	---	--------------	---	------------------------	---

#### Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

Existen evidencias documentais relativas á realización ordenada e sistemática de accións relacionadas co criterio:

- A MVT presenta unha planificación da formación deseñada en coherencia coas competencias que se pretenden lograr, adecuada á dedicación estimada dos estudantes e axustada aos sistemas de avaliación e cualificación previstos.
- Existen actas de tódalas reunións da Comisión Técnica do máster (4 no curso 2010/2011, 5 no curso 2011/2012, e 5 no curso 2012/2013, e 5 no curso 2013/2014), nas que se realiza a coordinación do título interuniversitario
- Tódalas materias do máster teñen un coordinador (información dispoñible na páxina web) que garantirá a coordinación e o seguimento dos contidos impartidos e das actividades a realizar. O coordinador debe convocar a lo menos unha reunión de coordinación coa antelación suficiente ao inicio da actividade docente da materia con todos os docentes da mesma. Existen actas de tódalas reunións de coordinación das diferentes materias do máster.
- Dado que as guías docentes en ambas universidades defiren debido á formato usado en cada unha delas e á correspondencia ECTS-horas en ambas universidades, na páxina web do máster atópanse dispoñibles as fichas de cada materia, coa información fundamental sobre as mesmas, e o nome e contacto do seu coordinador. Ademais, dende a web do título, pódese tamén acceder as guías docentes de cada materia en cada universidade, que tratan de ter a información o máis coherente posible a pesar das dificultades mencionadas.
- Seguindo as recomendacións do informe de seguimento da ACSUG, no curso 2013/2014 tramitouse unha modificación á memoria orixinal para incorporar, entre outros, cambios nas guías docentes o longo dos tres primeiros cursos de implantación. Estas modificacións, como se indica ao final desta valoración, son froito da reflexión dos profesores que imparten cada unha das materias, e da experiencia acumulada nestes anos e os comentarios recibidos por parte dos alumnos.
- Aproveitando a modificación que se presentou, a coordinación do título consultou a todos os docentes e alumnos do título sobre a estrutura do programa formativo, para detectar posibles melloras e propoñelas nesa modificación do título. Todos os grupos de interese mostraron estar satisfeitos coa estrutura do programa, e solo se recolleu como suxestión a redistribución de créditos entre as materias de Taller de Proxectos (TP) e Traballo Fin de Máster (TFM), que xa de por si se encontran moi relacionadas. Acordouse pedir a modificación de TP para pasala a 3 ECTS e a de TFM para pasala a 15 ECTS, o que reflicta mellor o esforzo do estudante en ambas materias.
- Varias das enquisas xerais da titulación que se lle pasaron aos alumnos na UDC facía referencia á planificación das ensinanzas. As enquisas puntuaban entre 1 e 7 puntos, e a titulación obtivo máis dun 6 en todas as preguntas relacionadas cos métodos de ensino-aprendizaxe, os procedementos de avaliación, e a organización global do ensino, excepto na que consultaba "a coordinación entre o profesorado é adecuada", que obtivo un 4,75. A enquisa tivo unha participación do 20% do alumnado. No tocante á USC, na pregunta "Considero que hai coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia", a puntuación obtida foi de 3,91 sobre 5 puntos, cunha participación do 30,77% do alumnado da USC. Resultados parecidos obtivéronse nas enquisas que o propio máster elaborou e pasou entre os alumnos. As enquisas propias do máster fan referencia a cuestións relativas á planificación das ensinanzas (pódense consultar os resultados na web do máster, no apartado de seguimento). Os resultados indican a boa valoración que os alumnos teñen da planificación das ensinanzas, pero tamén amosan algúns dos problemas coa coordinación entre materias diferentes, que afecta tamén á carga docente e o desenvolvemento das titorías (en parte polo carácter interuniversitario do máster). A pesar dos continuos planes de mellora en este aspecto, estes non parecen acadar os resultados esperados. A Comisión Técnica considera que este é un dos puntos que necesariamente ha de mellorarse de cara a próximas edicións.
- No tocante aos procedementos documentados, recóllense no SGIC da USC e da FIC (UDC):
  - o Manual do sistema marco de garantía interna de calidade da USC, capítulo 6 "Obxectivos do plan de estudos e garantía de calidade dos programas formativos" e capítulo 7 "Planificación da enseñanza e orientación da enseñanza á aprendizaxe "  
[http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidate/descargas/grao2012/2\\_Manual\\_extenso\\_do\\_sistema\\_marco\\_de\\_calidade.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidate/descargas/grao2012/2_Manual_extenso_do_sistema_marco_de_calidade.pdf)

- Manual de procesos e procedementos do SGIC da USC, PC-01M "Deseño da oferta académica de másteres ", PC-04 "Planificación das ensinanzas" , PM-01 "Medición, análise e mellora", PM-02 "Medición da satisfacción dos grupos de interese "  
[http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidad/descargas/grao2012/4\\_Manual\\_de\\_procesos\\_e\\_procedementos.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidad/descargas/grao2012/4_Manual_de_procesos_e_procedementos.pdf)
- Manual do sistema de garantía interna da calidade da Facultade de Informática (FIC): Índice de procedementos, "PC-01 Oferta formativa de la UDC", "PA02. Suspensión de un título", "PA04. Gestión de incidencias, reclamaciones y sugerencias", "PA08. Expedición de Títulos Oficiales", "PC03. Perfiles de ingreso y captación de estudiantes", "PC04. Selección, Admisión y Matriculación de Estudiantes", "PC05. Orientación a Estudiantes", "PC08. Movilidad de Estudiantes", "PC09. Prácticas Externas", "PC10. Orientación Profesional".  
[http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ProcedimientosSistemaGarantiaCalidad01\\_firmado.pdf](http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ProcedimientosSistemaGarantiaCalidad01_firmado.pdf)
- Manual do sistema de garantía interna de calidade da FIC, "Capítulo 7. Planificación de la enseñanza "  
[http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ManualSistemaGarantiaCalidad01\\_firmado.pdf](http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ManualSistemaGarantiaCalidad01_firmado.pdf)

#### **BOAS PRÁCTICAS:**

- Establecer reunións de coordinación nas materias, xa que como mínimo hai dous profesores por materia, na maioría dos casos pertencentes a universidades diferentes.
- Utilizar unha axenda colectiva na plataforma docente virtual usada, de forma que todos, profesores e alumnos, sexan conscientes da planificación de contidos, actividades, etc, o que axuda á coordinación entre materias.
- Elaboración de un gráfico con dependencias entre materias para axudar ao profesorado no proceso de coordinación entre materias diferentes.
- Revisar anualmente as guías docentes de cada materia
- Realizar enquisas por materias e tamén globais do máster, distintas das institucionais das universidades, a tódolos alumnos matriculados, para detectar potenciais problemas na planificación das ensinanzas. As enquisas institucionais son parciais no caso dos títulos interuniversitarios, pois so se pasan aos alumnos matriculados nesa universidade. Ademais, son enquisas xerais, diferentes para cada universidade, e que non teñen en conta o carácter interuniversitario do máster, e os problemas derivados desta característica.
- Parte dos contidos da materia Taller de Proxectos (segundo cuatrimestre), en concreto aqueles dedicados a ferramentas colaborativas, ten máis senso adiantalos e comezar a impartilos ao principio do máster, pois esas ferramentas van a ser usadas durante o desenvolvemento das ensinanzas do máster. A partir do curso 2011/2012 o módulo dedicado a ferramentas colaborativas impártese na xornada de acollida, para que os alumnos coñezan as ferramentas que se usarán como apoio á docencia no máster.
- Atrasar o comezo das actividades docentes ata principios de outubro, cando os procesos de preinscripción en cada universidade rematen, de forma que todos os alumnos se incorporen dende o principio ás clases.
- Permitir que os alumnos poidan seguir as clases por videoconferencia conectándose dende un PC, de xeito que non precisen acudir a algunha das aulas físicas do máster.
- Establecer dúas reunións anuais con todos os profesores do máster por unha parte, e con todos os alumnos por outra, para recoller información sobre as posibles melloras en este criterio.

#### **PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Redistribución de créditos entre as materias de TP e TFM
- Modificación na redacción das fichas das materias na memoria, para adecualas aos cambios sufridos durante os tres cursos anteriores

#### **BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**

Modificacións na redacción de contidos e adaptacións metodolóxicas nas guías docentes. Estas non supoñen cambios substanciais de acordo coa ANECA, ACSUG, USC ou UDC.

Os cambios obedecen á reflexión persoal dos profesores sobre a materia que imparten, os resultados das enquisas de satisfacción dos estudantes e a necesidade de adaptar anualmente as materias para lograr unha mellora continua de cara a mellorar os resultados académicos.



### 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

#### 6. Recursos humanos

Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.

#### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	<b>A</b>	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
---------------	----------	------------	---	--------------	---	------------------------	---

#### Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

Existen evidencias documentais relativas á realización ordenada e sistemática de accións relacionadas co criterio:

- A MVT específica o persoal académico e de apoio co que se conta para o desenvolvemento do título.
- Existen actas das reunións do Consello de Departamento de Electrónica e Sistemas (caso da UDC) e do Consello de Departamento de Electrónica e Computación (caso da USC) onde se aprobaron os PODs correspondentes ao curso 2012/2013. Nos PODs figura o profesorado de cada unha das universidades e o número de créditos impartidos por cada profesor en cada materia. O POD do curso 2012/2013 axustase ao especificado na MVT.
- Na páxina web do máster atópase información relativa ao persoal docente que imparte cada unha das materias, no apartado de programa. Indícase ademais que profesor é o coordinador de cada materia, e o seu contacto.
- Na páxina web do máster anúncianse os profesores visitantes coas datas da súa visita, ademais das conferencias invitadas coas que se conta cada curso académico.
- Un dos apartados das enquisas xerais da titulación que se lle pasaron aos alumnos facía referencia os recursos humanos, e máis en concreto ao persoal académico. As enquisas na UDC puntuaban entre 1 e 7 puntos, e a titulación obtivo máis dun 6 en estas preguntas. No tocante á USC, na enquisa se pregunta pola satisfacción global dos alumnos co profesorado de cada unha das materias, e a titulación obtivo unha valoración de 4,05 puntos sobre 5. Estes resultados indican a boa valoración que os alumnos teñen do persoal docente.
- Como se pode ver nos informes sobre o persoal docente que cada ano elabora a coordinación do máster seguindo os procedementos do SGIC, o máster cumpre co previsto na memoria de verificación en canto a recursos humanos. Nestes informes tamén se pode ver como o número de profesores que imparten docencia no máster que está a ser avaliado no programa DOCENTIA aumenta cada ano, pasando de 9 profesores no curso 11/12 a 15 profesores no curso 12/13, o que supón que máis da metade do profesorado das universidades que imparte clase no máster está avaliado favorablemente polo programa DOCENTIA.
- En canto aos planes de mellora propostos o curso pasado, temos que informar de que dada a situación de austeridade actual, foi imposible conseguir maior financiamento para aumentar o profesorado visitante durante o curso 13/14, como era a intención inicial. Este plan de mellora seguirá sendo importante para o curso 14/15.
- Sobre os procedementos documentados da política e xestión do PDI e PAS, recóllense no SGIC da USC e da FIC (UDC):
  - o Manual do sistema marco de garantía interna de calidade da USC, capítulo 8 "Persoal académico e de apoio"  
[http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidad/descargas/grao2012/2\\_Manual\\_extenso\\_do\\_sistema\\_marco\\_de\\_calidade.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidad/descargas/grao2012/2_Manual_extenso_do_sistema_marco_de_calidade.pdf)
  - o Manual de procesos e procedementos do SGIC da USC, PS-01 "Xestión dos recursos humanos"  
[http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidad/descargas/grao2012/4\\_Manual\\_de\\_procesos\\_e\\_procedementos.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidad/descargas/grao2012/4_Manual_de_procesos_e_procedementos.pdf)
  - o Manual do sistema de garantía interna da calidade da Facultade de Informática (FIC): Índice de procedementos, "PE02. Política de persoal académico e de administración e servizos de la UDC", "PA05. Gestión del personal académico y de apoyo a la docencia (captación y selección, formación y evaluación y promoción)".  
[http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ProcedimientosSistemaGarantiaCalidad01\\_firmado.pdf](http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ProcedimientosSistemaGarantiaCalidad01_firmado.pdf)
  - o Manual do sistema de garantía interna de calidade da FIC, "Capítulo 10. Garantía y mejora de la calidad del personal académico y de apoyo a la docencia"  
[http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ManualSistemaGarantiaCalidad01\\_firmado.pdf](http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ManualSistemaGarantiaCalidad01_firmado.pdf)



**BOAS PRÁCTICAS**

- Documentábase e sométese a aprobación calquera cambio no POD durante o curso
- Realízanse enquisas aos estudantes sobre cada unha das materias, incluíndo preguntas sobre a adecuación do persoal docente

**PROPOSTAS DE MELLORA:****BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
7. Recursos materiais e servizos							
<i>Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
<b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b>							
Existen evidencias documentais relativas á realización ordenada e sistemática de accións relacionadas co criterio:							
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A MVT concreta os recursos materiais e servizos cos que se conta para o desenvolvemento das actividades formativas previstas e adecuados para a consecución das competencias que se pretenden lograr.</li> <li>- Existen actas de tódalas reunións da Comisión de Elaboración do Título onde se debateu sobre os recursos materiais e de servizos cos que se contaría no máster.</li> <li>- Existen actas de tódalas reunións da Comisión Técnica do máster nas que se debateu sobre os materiais e servizos cos que se conta e como mellorar a calidade da docencia tendo en conta o carácter interuniversitario do máster: uso de ferramentas colaborativas que suplan a carencia de certos recursos materiais como laboratorios con ordenadores para o desenrolo das prácticas, e pequenas melloras nos equipos de videoconferencia, rede wifi ou cableada, etc.</li> <li>- Un dos apartados da enquisa que se lle pasou aos titulados na UDC facía referencia as infraestruturas e materiais dispoñibles. As enquisas puntuaban entre 1 e 7 puntos, e a titulación obtivo unha puntuación de 5,8. O que indica a boa valoración que os egresados fan dos materias e infraestruturas usadas no máster.</li> <li>- Un dos apartados das enquisas xerais da titulación que se lle pasaron aos alumnos na UDC facía referencia os recursos materiais cos que se contaba (aulas, laboratorios, biblioteca, cafetería, reprografía, etc.). As enquisas puntuaban entre 1 e 7 puntos, e a titulación obtivo en xeral máis dun 5.5 en todas as preguntas. No tocante á USC, os alumnos outorgaron unha puntuación media de 4,15 sobre 5 na pregunta "Os recursos didácticos empregados reforzan a comprensión da materia". Estes resultados indican a boa valoración que os alumnos teñen dos recursos materiais. É especialmente importante ter en consideración que o máster é interuniversitario, o que implica un maior esforzo no tocante aos recursos materiais e a súa adecuación na docencia en remoto.</li> <li>- As melloras no equipamento docente propostas nos cursos pasados leváronse integramente a cabo. Ademais dende o curso 2012/2013 permitiuse que os alumnos que non se puideran desprazar fisicamente as aulas do máster fosen quen de seguir as clases en remoto, dende un PC. As melloras necesarias foron: <ul style="list-style-type: none"> <li>o Adquisición dun novo equipo de videoconferencia na UDC. O equipo que se viña utilizando ata o de agora non era HD.</li> <li>o Uso da unidade MCU do CESGA, necesaria para permitir a transmisión da videoconferencia por streaming, que permite aos alumnos poder seguir a clase en remoto dende un PC.</li> </ul> </li> <li>- Os alumnos foron consultados sobre o éxito destas melloras, e a resposta xeral foi que os sistemas que se están a usar na actualidade son moi fiables e que as clases en remoto desenvolvéronse de forma correcta. Con todo, a interacción dos alumnos remotos na clase viña sendo mediante un chat, o que non resulta cómodo nin para alumno nin para profesor. Como mellora propoñemos a proba dunha nova tecnoloxía que nos permita conectar aos alumnos á videoconferencia e que estes poidan participar con audio e vídeo en tempo real.</li> <li>- Recóllense no SGIC da USC e da FIC (UDC): <ul style="list-style-type: none"> <li>o Manual do sistema marco de garantía interna de calidade da USC, capítulo 9 "Recursos materiais e servizos" <a href="http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidad/descargas/grao2012/2_Manual_extenso_do_sistema_marco_de_calidade.pdf">http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidad/descargas/grao2012/2_Manual_extenso_do_sistema_marco_de_calidade.pdf</a></li> <li>o Manual de procesos e procedementos do SGIC da USC, PS-02 "Xestión dos recursos materiais" e PS-03 "Xestión dos servizos" <a href="http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidad/descargas/grao2012/4_Manual_de_procesos_e_procedementos.pdf">http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidad/descargas/grao2012/4_Manual_de_procesos_e_procedementos.pdf</a></li> <li>o Manual do sistema de garantía interna da calidade da Facultade de Informática (FIC): Índice de procedementos, "PA06. Gestión de los recursos materiales", "PE07. Gestión de la prestación de los servicios". <a href="http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ProcedimientosSistemaGarantiaCalidad01_firmado.pdf">http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ProcedimientosSistemaGarantiaCalidad01_firmado.pdf</a></li> </ul> </li> </ul>							

- Manual do sistema de garantía interna de calidade da FIC, "Capítulo 11. Gestión y mejora de los recursos materiales y servicios"  
[http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ManualSistemaGarantiaCalidad01\\_firmado.pdf](http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ManualSistemaGarantiaCalidad01_firmado.pdf)

#### **BOAS PRÁCTICAS**

- Dado o carácter interuniversitario do título, e como consecuencia a existencia de profesores e alumnos en sedes diferentes, resulta especialmente interesante o uso de ferramentas colaborativas. En concreto no máster usáronse intensivamente dúas:
  - Aula CESGA, como plataforma docente virtual para compartir documentación, axenda, notificacións, etc.
  - Seminar Cesga, como ferramenta da videoconferencia e compartición de escritorio, que se usa tanto durante as clases presenciais como fora destas para a realización de titorías en remoto, a reunión virtual de grupos de traballo, etc.
- Emisión das clases por streaming, e gravación das mesmas, que permite aos alumnos seguir as clases en tempo real dende os seus PCs sen necesidade de acudir á aula, e visionalas posteriormente como material de apoio adicional

#### **PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Probar novas tecnoloxías que permitan que os alumnos que seguen o máster dende os seus PCs poidan interactuar co profesor en tempo real

#### **BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**

### 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

#### 8. Resultados previstos

Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.

#### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	<b>A</b>	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
---------------	----------	------------	---	--------------	---	------------------------	---

#### Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

Existen evidencias documentais relativas á realización ordenada e sistemática de accións relacionadas co criterio:

- A MVT establece os resultados previstos do título en forma de indicadores de rendemento, explicando o procedemento xeneral para valorar o progreso e os resultados de aprendizaxe dos estudantes.
- Os resultados obtidos son acordes cos resultados previstos na MVT. Na páxina web do máster móstranse os resultados dos cursos 2010/2011, 2011/2012, 2012/2013 e 2013/2014. Aínda que as taxas globais son as previstas na MVT, móstranse os resultados por materias, polo seu interese para os estudantes. Como se pode comprobar, este curso 2013/2014 a taxa de rendemento foi sensiblemente máis baixa que nos cursos anteriores. Isto foi debido ao alto grao de abandono que puntualmente se observou entre os matriculados neste curso. En concreto, 4 alumnos matriculados deixaron os estudos antes de rematar o primeiro cuatrimestre, o que fixo que aumentase o número de non presentados nas materias e polo tanto empeorase a taxa de rendemento. Pola contra, a taxa de éxito mantívose en valores similares aos anos anteriores.
- Non houbo durante o curso 2013/2014 suxestións ou reclamacións.
- Nos cursos 2011/2012, e 2012/2013 froito da colaboración coas empresas Bull, HP, AMD e Fujitsu foron convocados un premio ao mellor expediente académico do máster e tres premios aos mellores proxectos fin de máster (<http://gac.des.udc.es/~pglez/master/PFE.php>). Toda a información sobre estes premios pódese encontrar na web. Os mesmos premios serán convocados para os egresados do curso 2013/2014 en próximas datas.
- No curso 2011/2012, estableceuse como plan de mellora aumentar o número de empresas colaboradoras co máster, conseguiuase que novas empresas, como Amazon WS ou Gompute, colaboren no máster, aínda que non se asinaron convenios con elas.
- No curso pasado estableceuse como plan de mellora elaborar un listado de traballos fin de máster realizados polos estudantes, co obxectivo de facilitar a análise dos temas que se traballan en eles. Realizouse este listado, que se pode consultar na páxina web (<http://gac.des.udc.es/~pglez/master/PFM.php>).
- Recóllense no SGIC da USC e da FIC (UDC):
  - o Manual do sistema marco de garantía interna de calidade da USC, capítulo 10 "Resultados da formación" [http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidade/descargas/grao2012/2\\_Manual\\_extenso\\_do\\_sistema\\_marco\\_de\\_calidade.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidade/descargas/grao2012/2_Manual_extenso_do_sistema_marco_de_calidade.pdf)
  - o Manual de procesos e procedementos do SGIC da USC, PC-11 "Avaliación da aprendizaxe", PC-12 "Información pública", PM-01 "Medición, análise e mellora", PM-02 "Medición da satisfacción dos grupos de interese", P01-PM-02 "Procedemento para a medición no centro da satisfacción dos/as estudantes coa docencia" e PM-03 "Xestión das incidencias" [http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidade/descargas/grao2012/4\\_Manual\\_de\\_procesos\\_e\\_procedementos.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidade/descargas/grao2012/4_Manual_de_procesos_e_procedementos.pdf)
  - o Manual do sistema de garantía interna da calidade da Facultade de Informática (FIC): Índice de procedementos, "PC07. Evaluación del aprendizaje", "PC11. Resultados académicos", "PC12. Información Pública", "PC14. Objetivos del plan de estudios", "PA03. Satisfacción, expectativas y necesidades". [http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ProcedimientosSistemaGarantiaCalidad01\\_firmado.pdf](http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ProcedimientosSistemaGarantiaCalidad01_firmado.pdf)
  - o Manual do sistema de garantía interna de calidade da FIC, "Capítulo 12. Análisis y utilización de los resultados", "Capítulo 13. Publicación de información sobre las titulaciones", "PA04. Gestión de incidencias, reclamaciones y sugerencias". [http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ManualSistemaGarantiaCalidad01\\_firmado.pdf](http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ManualSistemaGarantiaCalidad01_firmado.pdf)

**BOAS PRÁCTICAS**

- Conseguir a implicación das empresas colaboradoras co máster para outorgar un ou varios premios aos mellores expedientes e aos mellores traballos fin de máster co fin de estimular a formación de titulados neste máster, e a mellora dos resultados académicos.
- Establecer mecanismos para que as empresas propoñan traballos fin de máster, que serán dirixidos por profesores do mesmo en colaboración con persoal da empresa. A principal idea é favorecer e fomentar o contacto dos estudantes con empresas no ámbito dos estudos do máster.
- Facer público un listado de TFM defendidos nos cursos anteriores, que facilite o análise dos temas que se traballan neles.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Non se precisan propostas de mellora neste criterio

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
9. Sistema de garantía da calidade							
Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e o Sistema de Garantía da Calidade (SGC) do Centro.							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
<b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b>							
Existen evidencias documentais relativas á realización ordenada e sistemática de accións relacionadas co criterio:							
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A MVT inclúe o sistema de garantía da calidade para a recollida e análise da información sobre o desenvolvemento do plan de estudos. O sistema de garantía da calidade do máster cumpre co SGIC da ETSE na USC e da FIC na UDC.</li> <li>- Un dos apartados das enquisas xerais da titulación que se lle pasaron aos alumnos facía referencia á satisfacción global co desenvolvemento do ensino. Na UDC as enquisas puntuaban entre 1 e 7 puntos, e a titulación obtivo un 6,5 nesa pregunta; no caso da USC, as enquisas puntuaban entre 1 e 5 puntos e a titulación obtivo un 4,05. Este resultado indica a boa valoración que os alumnos teñen da titulación.</li> <li>- Os SGIC de ambos os dous centros nos que se imparte o máster foron avaliados en xullo do 2013 nun plan piloto de certificación dos SGIC no SUG. Os dous SGIC foron avaliados positivamente, recibindo un conforme no informe final, o que permite afirmar que se implantaron con éxito. O máster participou no proceso de avaliación aportando as evidencias de que se elaboran os rexistros que en ambos os dous SGIC se indican, o que permite afirmar que o máster cumpre estritamente con estes procedementos.</li> <li>- Recóllense no SGIC da USC e da FIC (UDC): <ul style="list-style-type: none"> <li>o Manual do sistema marco de garantía interna de calidade da USC, <a href="http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidad/descargas/grao2012/2_Manual_extenso_do_sistema_marco_de_calidade.pdf">http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidad/descargas/grao2012/2_Manual_extenso_do_sistema_marco_de_calidade.pdf</a></li> <li>o Manual de procesos e procedementos do SGIC da USC, PE-01 "Determinación da política e os obxectivos de calidade do centro", PC-02 "Revisión da oferta académica", PC-12 "Información pública", PM-01 "Medición, análise e mellora", e PM-03 "Xestión das incidencias" <a href="http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidad/descargas/grao2012/4_Manual_de_procesos_e_procedementos.pdf">http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidad/descargas/grao2012/4_Manual_de_procesos_e_procedementos.pdf</a></li> <li>o Manual do sistema de garantía interna da calidade da Facultade de Informática (FIC): Índice de procedementos, "PC02. Revisión y mejora de las titulaciones", "PC12. Información Pública", "PA03. Satisfacción, expectativas y necesidades", "PA04. Gestión de incidencias, reclamaciones y sugerencias". <a href="http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ProcedimientosSistemaGarantiaCalidad01_firmado.pdf">http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ProcedimientosSistemaGarantiaCalidad01_firmado.pdf</a></li> <li>o Manual do sistema de garantía interna de calidade da FIC. <a href="http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ManualSistemaGarantiaCalidad01_firmado.pdf">http://www.fic.udc.es/files/26566/26566ManualSistemaGarantiaCalidad01_firmado.pdf</a></li> </ul> </li> </ul>							
<b>BOAS PRÁCTICAS</b>							
<b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b>							
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Non proceden melloras neste criterio</li> </ul>							
<b>BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:</b>							

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
10. Calendario de implantación							
<i>Valorarase o criterio de “Calendario de implantación” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007).</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
<b>Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:</b> Existen evidencias documentais relativas á realización ordenada e sistemática de accións relacionadas co criterio: <ul style="list-style-type: none"> <li>- A MVT identifica un calendario de implantación do título e concreta o modo en que os estudantes de estudos existentes poden adaptarse ao novo plan de estudos, así como o mecanismo que permitirá aos estudantes a superación das ensinanzas unha vez extinguidas.</li> <li>- O calendario establecido xa se cumpriu, toda vez que os estudos do antigo máster interuniversitario en investigación en tecnoloxías da información están extintas nas dúas universidades.</li> </ul>							
<b>BOAS PRÁCTICAS</b>							
<b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Non proceden melloras neste criterio</li> </ul>							
<b>BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:</b>							

**4. ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN, DE MODIFICACIÓNS AUTORIZADAS E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMIENTO**

**INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN**

<b>Recomendacións establecidas no informe final</b>	<b>Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)</b>
Non constaban recomendacións no informe final de verificación (data 29/06/2010)	

**INFORME FINAL DE MODIFICACIÓNS AUTORIZADAS**

<b>Recomendacións establecidas no informe final</b>	<b>Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)</b>
Recoméndase concretar como se vai a levar a cabo o recoñecemento de créditos por experiencia profesional e de créditos procedentes de títulos propios da Universidade de Santiago de Compostela e da Universidade de A Coruña. Na memoria actual se indica que unha comisión técnica establecerá as equivalencias e o recoñecemento de créditos. Estes criterios e, no seu caso, táboas de equivalencia, deberían facerse públicos e serán, por tanto, obxecto de especial seguimento.	<p>A Comisión Técnica da titulación establecerá as equivalencias entre estudos superados en outras universidades e os que poidan ser recoñecidos no plan de estudos. Así mesmo, poderá establecer táboas de equivalencia especificando os créditos que se recoñecen.</p> <p>Non se contempla o recoñecemento de créditos cursados no ámbito da educación superior non universitaria nin en títulos propios.</p> <p>A experiencia laboral e profesional acreditada poderá ser tamén recoñecida en forma de créditos, sempre que confiran, a lo menos, o 75% das competencias das materias polas que se quere obter recoñecemento de créditos. A Comisión Técnica do máster determinará o período mínimo de tempo acreditado de experiencia laboral ou profesional requirido para obter o recoñecemento de créditos solicitado, pero en ningún caso poderá ser inferior a 6 meses. A Comisión Técnica do Máster valorará e aprobará, se é o caso, as solicitudes de recoñecemento de créditos, previo informe dos profesores que imparten as materias e á vista da documentación que presenten os solicitantes, que como mínimo será: copia da vida laboral ou contrato laboral, e certificado da empresa onde consten as funcións e tarefas que realiza ou realizou no posto de traballo. O número de créditos que poden ser obxecto de recoñecemento a partir de experiencia profesional ou laboral non poderá ser superior a 9 créditos.</p> <p>Esta información faise pública na web do máster: <a href="http://gac.udc.es/master">http://gac.udc.es/master</a></p>

**INFORMES DE SEGUIMIENTO (curso 11/12; data: 21/06/2013)**

<b>Recomendacións establecidas no informe final</b>	<b>Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)</b>
A información pública, en xeral, axústase á memoria de verificación; excepto algúns detalles nas guías docentes e no perfil de ingreso	- Solicitouse unha modificación ao título para incluír as modificacións ás guías docentes froito de reflexión e experiencia dos docentes nos tres cursos anteriores en que estivo implantado o máster. Responsable: Comisión Técnica do máster. Data: novembro 2013. Estado: aprobado, aplicarase a partir do curso 2014/2015.
A información que se encontra na web está actualizada e é accesible (excepto dende a páxina da USC, na que se debe incorporar un enlace á páxina do título); pero non totalmente completa, falta información acerca de recursos materiais, indicadores, normativas,...	- Ampliouse a información da páxina web para incluír a información pública que faltaba. Responsable: Coordinadores do título. Data: setembro 2013. Estado: completado -Incorporouse un enlace á páxina do título dende a páxina da USC. Responsable: Coordinador na USC. Data: . Estado: completado
Os menús da web do máster permiten un acceso intuitivo á información, aínda que se recomenda a incorporación dunha ferramenta de busca de contido dentro da web	- Non foi posible incorporar a ferramenta de busca por contidos na web para este curso 13/14. Proponse como mellora para cursos seguintes
É necesario realizar unha reflexión exhaustiva acerca de cada un dos criterios, reflexionando e	- Fíxose un esforzo por realizar as reflexións necesarias en cada un dos criterios e reflectir o traballo efectuado



considerando detenidamente como se afrontou a revisión do traballo efectuado ao longo dun ano de implantación	neste informe de seguimento.
A comisión da titulación ou a de calidade do centro debe analizar a información obtida da aplicación do SGIC, non solo a relativa aos resultados académicos senón, tamén, a correspondente a outras actividades: por exemplo, eficacia dos planes de orientación seguidos, actividades de acollida, mantemento dos recursos humanos e os materiais como se indicaba na memoria de verificación	- A Comisión Técnica do máster analiza toda esta información anualmente e toma novas medidas cada ano nos diferentes criterios para ir mellorando a calidade do título. Por exemplo: cada ano foron aumentando as actividades no plan de orientación aos estudantes, ou tamén cada ano fóronse renovando ou incorporando novos recursos materiais para mellorar a docencia do máster. Todas estas accións quedan reflectidas nos diferentes procedementos dos SGIC e nesta memoria de seguimento detállanse por criterios. Responsable: Comisión Técnica do máster e Coordinadores. Data: ao longo de todo o curso.
Na UDC faltan algúns dos indicadores que si se mostran na USC. Débese homoxeneizar esta información co obxectivo de completala e de que sexa coincidente entre as dúas universidades	- Dada a falta de coordinación a nivel institucional tanto para realizar as enquisas de satisfacción aos grupos de interese nos títulos interuniversitarios, como para recoller os datos académicos e calcular as taxas globais, a coordinación do máster elabora as súas propias enquisas e mantén actualizados os datos dos resultados académicos e as taxas calculadas a partir de estes. Na web do título pódense consultar os resultados, tanto das enquisas como dos resultados académicos. Sen embargo, as universidades continúan a manter pública nas súas webs os resultados parciais de estes procedementos. Responsable: Coordinadores do título. Data: ao remate de cada curso académico.
Non se aportan datos sobre os resultados obtidos nos programas de prácticas e de mobilidade. Se non houberse participación do estudiantado, habería que cuestionarse estas actividades e a súa importancia no máster	- O máster é de 60 ECTS. A maioría dos estudantes cúrsano nun único curso a tempo completo, polo que non da lugar a mobilidade dos estudantes. Os que o cursan a tempo parcial fano, normalmente, por motivos laborais, co que tampouco están interesados no tema da mobilidade. As prácticas externas non están contempladas como actividades curriculares.
Débense aportar evidencias sobre a valoración, reflexión e obtención de resultados ao implementar o procedemento para valorar o progreso e os resultados de aprendizaxe dos estudantes en termos de competencias	- Nas enquisas que se lles pasan tanto aos alumnos como aos profesores da titulación avalíanse os resultados en termos de "coñecementos, habilidades e aptitudes", que poderíamos considerar no seu conxunto sinónimo de "competencias". En todo caso, as universidades están a proporcionar cursos ao profesorado sobre "xestión de competencias: marco teórico e avaliación". Dende a coordinación do máster informárase ao profesorado sobre a estes cursos.
Se percibe un compromiso para a mellora continua do título pero non se evidencia unha implantación efectiva dos SGIC dos centros nos que se imparte o título polo que se recomenda facer un uso correcto e responsable do mesmo como eixo de revisión, actualización e mellora do propio título, usando os procedementos deseñados e os formatos establecidos en cada un deles para tal propósito e, de ser necesario, buscando a simplificación dos mesmos para facilitar a súa aplicación co fin de conseguir unha implantación efectiva.	- Os SGIC de ambos os dous centros nos que se imparte o máster foron avaliados en xullo do 2013 nun plan piloto de certificación dos SGIC no SUG. Os dous SGIC foron avaliados positivamente, recibindo un conforme no informe final, o que permite afirmar que se implantaron con éxito. O máster participou no proceso de avaliación aportando as evidencias de que se elaboran os rexistros que en ambos os dous SGIC se indican, o que permite afirmar que o máster cumpre estritamente con estes procedementos. Responsable: Coordinadores do título e Comisións de Calidade de cada centro. Estado: o SGIC encóntrase implantado satisfactoriamente.